



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución de 16 de outubro de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Monforte de Lemos. (expediente IN407A 2018/8681-AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U.
- Domicilio social: r/ Toneleiros, 15573 Narón, A Coruña
- Denominación: centro de seccionamento para local comercial e o seu anexo
- Situación: concello de Monforte de Lemos
- Características técnicas:

Reforma do actual centro de transformación do cal se alimenta o LIDL para convertilo en centro de seccionamento consistente en:

- Desmontaxe e retirada do transformador existente de 100 KVA.
- Desmontaxe e retirada da cela de protección de MT existente.
- Acondicionamento do centro para a nova cela de líña.
- Instalación dunha nova cela de líña.
- Desmontaxe e retirada da reixa de separación existente.
- Apertura dunha nova porta para garantir o libre acceso dende a vía pública.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 16 de outubro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2941

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 22 de outubro de 2018, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2018, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 22 de outubro ata o 22 de novembro de 2018.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 22 de outubro do 2018.- O alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga.

R. 2969

CARBALLEDO

Anuncio

Aprobación definitiva do Estudo de Detalle sobre reaxuste de aliñacións no núcleo de Castro

O Pleno do Concello de Carballedo, en sesión celebrada con data 27 de setembro de 2018, á vista dos antecedentes obrantes no expediente de referencia e conforme ao disposto nos artigos 79, 80 e 82 a 90, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, previa desestimación das alegacións presentadas, acordou aprobar definitivamente o Estudo de detalle sobre reaxuste de aliñacións no núcleo de Castro do Concello de Carballedo, redactado polo arquitecto D. Ramón Fernández Losada con data de xaneiro de 2018, e integrado polos documentos e planos que se detallan:

ÍNDICE DE DOCUMENTOS

A.- MEMORIA: 1.-Obxecto; 2.- Promotor; 3.- Ámbito; 4.- Afección; 5.- Xustificación da súa necesidade e conveniencia; 6.- Marco Lexislativo; 7.- Adecuación ao Planemento vixente; 8.- Parámetros Urbanísticos establecidos nas NNSSP; 9.- Ordenación Proposta, 9.1.- Reaxuste de Aliñacións.

B.- PLANOS

Planos de Información: I.1.- Situación e emprazamento; I.2.- Planeamento Urbanístico_Normas Subsidiarias de Planeamento; I.3.- Parcelario catastral; I.4.- Aliñación según as normas Subsidiarias de Planeamento; I.5.- Levantamento Topográfico.

Planos de Ordenación: O1.- Ordenación-Normas Subsidiarias de Planeamento; O2.- Ordenación-Ortofoto.

Carvalledo, 17 de outubro de 2018.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2970

GUITIRIZ*Anuncio***BASES DO IV PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 19/10/2018 aprobáronse as bases e a convocatoria do "IV Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía".

Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente da Real Academia Galega. A dotación do premio será de 2.000,00 euros. O prazo de presentación das obras remata o día 31 de decembro do 2018. As bases íntegras están publicadas na páxina web municipal "www.concellodeguiriz.com".

O que se publica aos efectos oportunos.

Guitiriz, 22 de outubro de 2018.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 2971

LUGO*Anuncio*

A Alcaldía con data do 17 de outubro de 2018, ditou a seguinte resolución:

"Someter o proxecto de compensación do Polígono 1, sector II, do SUNP "IN-G" do PXOU de 1990 (UZPI-2.I do PXOM vixente), con carácter previo á súa aprobación definitiva, a información pública polo prazo de UN MES, a través da correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da mesma, e audiencia ós interesados, en cumprimento do establecido nos artigos 125.3 e 106 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)."

Lugo, 17 de outubro de 2018.-A ALCALDESA, P.D. O TENENTE-ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, (Decreto número 16008543) Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 2972

PALAS DE REI*Anuncio***INFOMACIÓN PÚBLICA: ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA**

Por acordo do Pleno Municipal de data 19/04/2018, aprobouse incoar o procedemento para a alteración da calificación xurídica do ben inmovible camiño público. Referencia catastral 27040A123090380000HO, deixando dito ben de ser destinado ao uso ou servizo público que se describe a continuación: camiño público, e ao que estaba afecto, cambiando a súa calificación do ben de dominio público ben de carácter patrimonial.

O expediente queda sometido a información pública polo prazo de un mes a contar dende o día seguinte o de publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial de la Provincia* e no taboleiro de anuncios; ao la deste prazo, os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas.

Palas de Rei, 8 de outubro de 2018.- O ALCALDE, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA.

R. 2973

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2018 o expediente de modificación de créditos 11/2018- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de 21.000,00 € (Vinte e un mil euros).

Por medio do presente expónse ó público o expediente da modificación de créditos antedita, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o art. 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 26 de outubro de 2018.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3002

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2018 o expediente de modificación de créditos 12/2018- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 18.000,00 € (Dezaioito mil euros).

Por medio do presente expónse ó público o expediente de modificación de créditos antedito, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presenta-las reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 26 de outubro de 2018.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3003

VIVEIRO

Anuncio

Con data de 25 de outubro do 2018, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

Tributo	Exercicio	Importe
Taxa Entrada Vehículos a Través das Beirarrúas (Vados) ..	. 2018	43.785,13,-€

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 26 de outubro de 2018 ata o 26 de decembro de 2018, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 20 de novembro de 2018 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 25 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2992

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - BEGONTE

Extracto da Resolución da Alcaldía de 10 de outubro de 2018 polo que se aproban as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a Asociacións Culturais, Deportivas e Veciñais para a realización de actividades e convocatoria para o ano 2018.

BDNS (Identif.): 420424

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Begonte.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito do Concello de Begonte
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nos deberes tributarios co Concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e dos deberes fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Segundo. Finalidade:

Concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas ou actividades culturais e deportivas.

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da Alcaldía, do 10 de outubro de 2018.

Cuarto. Importe:

As entidades só poderán solicitar unha subvención. Si unha asociación e Cultural, veciñal (rexistrada nun rexistro público de asociacións) e deportiva (rexistrada nun rexistro público de entidades deportivas) poderá optar por unha subvención ou outra, tendo en conta que en ningún caso supere os 1.000,00 euros, para as asociacións veciñais e culturais e 600 € para as deportivas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Begonte, 10 de outubro de 2018.- O Alcalde José Ulla Rocha.

R. 2991